



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

INSTRUCCIÓN Nº 6 RELATIVA A DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS NO MARCO DAS EDLP DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO

O Regulamento (UE) nº1 1303/2013 contempla no artigo 125.4.c) que é función da autoridade de xestión aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas, tendo en conta os riscos detectados.

O Programa Operativo (PO) para España do FEMP establece no apartado 5.1.4 que a autoridade de xestión (AX) delegará nos organismos intermedios (OIG) de xestión aquelas funcións establecidas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 que son necesarias para a xestión do Desenvolvemento Local Participativo. Así, entre as funcións que os OIX desempeñarán están as que respectan á xestión e control financeiros do P.O.

Nas orientacións da Comisión Europea para os estados membros e autoridades responsables dos programas dos fondos EIE relativas á *Avaliación do risco de fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra o fraude* (EGESIF_14-0021-00. 16.06.2014), se establecen recomendacións para aplicación do artigo 125.4.c) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, polas cales as autoridades de xestión deben poñer en marcha medidas efectivas e proporcionadas contra o fraude, tendo en conta os riscos detectados.

Polo tanto, no período de programación dos fondos europeos 2014 a 2020, se esixe o desenvolvemento de medidas contra o fraude efectivas e proporcionadas, tendo en conta calquera dos riscos identificados.

No proceso de selección de proxectos identifícase como posible risco o conflito de intereses no procedemento de selección dos proxectos.

Como elementos de control do risco destacan, entre outros: a publicación de todas as convocatorias, o rexistro de todas as solicitudes, a avaliación de toda as solicitudes de acordo cos criterios establecidos e á comunicación aos solicitantes de todas as resolucións de aceptación ou denegación das solicitudes.

Sen embargo, considerase recomendable unha política de conflito de intereses que inclúa declaracións e rexistros para cada convocatoria.

O artigo 57 del Regulamento sobre las normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da UE (Regulamento (UE) nº 966/2012) proporciona unha definición do conflito de intereses para os fines do gasto e da xestión do orzamento da UE. Nel se recolle o seguinte:





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

«1. Os axentes financeiros e demais persoas implicadas na execución e xestión incluídos os actos preparatorios ao respecto, a auditoría ou o control do orzamento non adoptarán ningunha medida que poda acarrear un conflito entre os seus propios intereses e os da Unión.

(...)

2. Aos efectos do apartado 1, existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións dos axentes financeiros e demais persoas á que se refire o apartado 1 se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económica o por calquera outro motivo de comunidade de intereses co beneficiario.»

Por outra banda, o artigo 32 do Regulamento delegado (UE) nº 1268/2012 establece que:

“1. os actos susceptibles de estar viciados por un conflito de intereses, a teor do artigo 57.2 do Regulamento Financeiro, poderá revestir, entre outras, algunha das seguintes formas, sen prexuízo da súa cualificación como actividades ilícitas en virtude do artigo 141:

- a) A concesión, a si mesmo ou a outros, de vantaxes inxustificadas directas ou indirectas;*
- b) A negativa a conceder a un beneficiario dereitos ou vantaxes a que tivera dereito;*
- c) A execución dos actos indebidos ou abusivos; ou a omisión de executar actos obrigatorios (...).”*

Tendo en conta o establecido no punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, relativa á normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) para a execución da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), que habilita á Consellería do Mar para ditar regras complementarias e instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP,

Dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

Esixírase ao instrutor (persoa que ocupa a xerencia), persoal técnico que realiza a avaliación dos proxectos e membros da xunta directiva que participen na selección de proxectos, unha declaración de ausencia de conflito de intereses como parte do procedemento de selección de proxectos, segundo o modelo establecido no Anexo I.

A declaración de ausencia de conflito de intereses é unha ferramenta para prever conflitos de intereses, co fin de:





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

- Concienciar sobre o risco de conflito de intereses entre as persoas que participan na selección de proxectos.
- Sinalar ámbitos de riscos que deben considerarse na supervisión da xestión.
- Protexer ás persoas das acusacións de ocultación dun conflito de intereses nunha fase posterior.
- Protexer de irregularidade o procedemento de selección e ao proxecto cofinanciado e, en consecuencia, salvaguardar os intereses financeiros da UE e estados membros.

1) Cumprimentar a declaración de ausencia de conflito de intereses

As persoas implicadas na selección de proxectos asinarán unha declaración de ausencia de conflito de intereses e a entregarán á persoa responsable da instrución do procedemento, que ocupa a xerencia do GALP.

2) Circunstancias que se consideran conflito de intereses

A descrición das circunstancias que poden considerarse conflito de intereses basearase na definición do artigo 57 do Regulamento (UE) nº 966/2012, pero tamén deberá terse en conta a lexislación nacional vixente.

Existe un conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións dunha persoa vese comprometido por motivos familiares, da súa vida sentimental, afinidades políticas, intereses económicas ou calquera outro tipo de intereses compartido, cun solicitante de fondos da UE.

3) Obtención das declaracións de ausencia de conflito de intereses

A persoa que ocupa a xerencia será responsable de pedir a cada persoa que interveña nun procedemento de selección que presente unha declaración de ausencia de conflito de intereses e de recopilar as declaracións.

Dito responsable deberá asegurarse de que a persoa en cuestión é consciente da necesidade de declarar sen demora calquera cambio na súa situación.

A declaración de ausencia de conflito de intereses asinarase tan pronto se empeza a participar no procedemento. Polo tanto, a persoa que ocupa a xerencia e persoal técnico asinarán a declaración unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes. No caso





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

dos membros da xunta directiva asinarán a declaración con anterioridade á realizar a proposta definitiva. Trátase dun requisito que se debe cumprir sen demora para salvagardar o procedemento e protexer á propia persoa.

No caso de que o conflito de intereses afecte á persoa que ocupa a xerencia, darse conta de inmediato á persoa titular da presidencia do GALP, e as funcións que lle corresponden no procedemento de selección serán realizadas pola persoa do equipo técnico de maior nivel.

4) Tratamento e supervisión das declaracións de ausencia de conflito de intereses

O GALP redactará procedementos para almacenar e supervisar as declaracións de ausencia de conflito de intereses, tales coma un rexistro especial ou un sistema de información para cada procedemento de selección.

A supervisión do procedemento de declaracións e a responsabilidade de manter actualizados os rexistros deberá encargarse a unha persoa que non este directamente implicada na selección de proxectos.

5) Medidas a adoptar si se identifica un risco de conflito de intereses ou se declara/detecta un conflito de intereses antes ou durante o procedemento

Deberán adoptarse as medidas adecuadas para salvagardar o procedemento de selección. Si se produce un conflito de intereses, notificarse ao servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca.

Todas as medidas adoptadas en resposta a situacións de conflito de intereses nun procedemento de selección de proxectos ao abeiro da orde de bases reguladoras, deberán documentarse.

6) Verificación da declaración de ausencia de conflito de intereses

A declaración de ausencia de conflito de intereses pode ser verificada *ex post* polo OIX:

- a) Tendo en conta información externa proporcionada por persoas sobre un conflito de intereses, ou por elementos descubertos no transcorrer doutras comprobacións.
- b) Mediante controis aleatorios.
- c) Mediante comprobacións sobre situacións baseadas en análises de riscos ou bandeiras vermellas.





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

Anexo 1: Declaración de ausencia de conflito de intereses

Orde:

Convocatoria:

O abaixo asinante(NIF.....), sendo:

- Membro da Xunta Directiva que realiza a selección de proxectos
- Xerente (instrutor)
- Persoal técnico na realización do traballo de avaliación de proxectos

Declaro que coñezo o artigo 57 do Regulamento Financeiro (Regulamento (UE) nº 966/2012), que reza como segue:

«1. Os axentes financeiros e demais persoas implicadas na execución e xestión do orzamento, incluídos os actos preparatorios ao respecto, a auditoría ou o control do orzamento non adoptarán ningunha medida que poda carrear un conflito entre os seus propios intereses e os da Unión.

De presentarse tal caso, o axente do que se trate absterase de actuar e elevará a cuestión ao ordenador delegado que, á súa vez, confirmará por escrito a existencia dun conflito de intereses. O axente de que se trate tamén informará ao seu superior xerárquico. No caso de que se constate a existencia dun conflito de intereses, o axente de que se trate porá fin a todas as actividades relacionadas. O ordenador delegado adoptará persoalmente calquera outra medida complementaria que corresponda.

2. Aos efectos do apartado 1, existirá conflito de interese cando no exercicio imparcial e obxectivo das funcións do axentes financeiros e demais persoas a que se refire el apartado 1 se vexa comprometido por razóns familiares¹, afectivas, de afinidade política o nacional, de intereses económico² ou por calquera outro motivo de intereses común co beneficiario³.»

¹Relación familiar, matrimonio ou parella de feito

²Relación contractual ou consultoría remunerada ou non remunerada, aplicable na actualidade.

³Incluído o traballo voluntario, membro dunha xunta ou consello directivo.

Declaro que coñezo o artigo 32 do Regulamento delegado (UE) nº 1268/2012, que reza como segue:

«1. Os actos susceptibles de estar viciados por un conflito de intereses, a teor do artigo 57.2 do Regulamento Financeiro, poderá revestir, entre outras, algunha das seguintes formas, sen prexuízo da súa cualificación como actividades ilícitas en virtude do artigo 141:

- a) A concesión, a si mesmo ou a outros, de vantaxes inxustificadas directas ou indirectas;*





Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
 Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
 Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

- b) *A negativa a conceder a un beneficiario dereitos ou vantaxes a que tivera dereito;*
- c) *A execución dos actos indebidos ou abusivos; ou a omisión de executar actos obrigato-
rios.*

Outros actos que poderían estar viciados por un conflito de intereses son aqueles que podan obstaculizar o desempeño imparcial e obxectivo das función dunha persoa como, por exemplo, a participación nun comité de avaliación en relación cun procedemento de concesión de subvención ou de adxudicación de contrato, cando a persoa puidera, directa ou indirectamente, beneficiarse economicamente do resultado de tales procedementos"

Declaro que non se dan as causas de abstención establecidas no artigo 28 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a partir do 2 de outubro de 2016, do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público).

Declaro polo presente documento que, ao meu leal saber, no teño conflito de intereses con respecto aos operadores que presentaron a solicitude para participar neste procedemento.

Declaro, ao meu leal saber e entender, que non existen feitos ou circunstancias, pasados ou presentes, ou que podan xurdir nun futuro previsible, que puideran poñer en cuestión a miña independencia á vista de calquera das partes.

Confirmo que si descubro ou si se constata no transcurso do proceso de selección que tal conflito existe ou xurde, declarareino de inmediato ante a xunta directiva, deixarei de tomar parte no proceso de selección e en todas as actividades relacionadas.

Tamén confirmo que tratarei como confidenciais todos os asuntos que se me confíen. Non revelarei ningunha información confidencial que me sexa comunicada o que descubri. Non farei uso impropio da información que se me proporcione. Concretamente, acepto tratar en confianza e con discreción calquera información ou documentos que me sexan revelados o que descubra ou prepare no transcurso ou como resultado da selección, e acepto que so serán utilizados cos fins de dita selección e que no serán revelados a ningunha terceira parte.

Tamén acepto non reter copias de ningunha información escrita que se me proporcione.

Asinado (data e lugar):

Nome:

Cargo

Antes de asinar anote a man "lido e aceptado"

